Barcelona - 31/12/80

Sr. Dn. X. Giz

Lugo

Querido amigo Xulio:

En outra aparte mándolle lotería pro "Niño", cos cartos que nos devolverón do "Gordo". A ver se acertamos!

Estes días o correo anda moi mal e falláronme algús diarios. Do "Ideal" a pesar de haber traballado mais ca nunca, soio recibín unha crónica - fáltanme algunhas como as conferencias de promoción en L'Hospitalet X. Domingo Lombao, Costa Clavell e as pronunciadas no Centro Gallego por Isla Couto e Luis Suárez. Tampouco vin a semblanza que fixen de Alvarez Puga, director de "Interviú". Ao millor non as publicaron por falta de espacio. Con todo se as vexes agradeceríalle que me as mande. O que sí

coido que se publicou foi unha crónica que fixen de Celanova no "Progreso" do día 21/12 en Táboa Redonda, que tampouco me chegóu. Se o consigues, tamén cho agradecería (Non estóu seguro que se publicara)

O outro día chegáronme 7000 pts do Ideal. En total levo recibidas 19000. Artículos mandei perto de 40.

Coido que xa te felicitéi polos mil dólares de Mallorca. Repito a máis sincera NORABOA! E lémbroche que teño moitas ganas de recibirte na nosa casa e ensenarche Barcelona!

Blanco Castro mandóu unhas mostras a "Caixa" pra verse lle publican o diccionario de Galego de Lugo. Propúxolles facelo en bilingüe. E encargaráme da parte galega. Coido que sería interesante pra publicar e regalar ao xeito que fixeron con "Historia de Galicia", de gran éxito según leín nos diar

Fixen un artículo (8 folios) sobre Portomarín. Sabes se farán algún concurso periodístico co gallo do Augardente? Quizáis sería interesante gardalo pra tal ocasión; ordenóm xa volo mandarei

Repito que che deseo Feliz 1981 e moitos Exitos. Unha aperta. Manolo